

# Darío a diario

XELA ARIAS CASTAÑO

Todos os bebés son *tu* e ningún coma ti.

Todos os nenos son *tu* e ningún coma ti.

Todos os adolescentes son *tu* e ningún coma ti.

Todos os mozos son *tu* e ningún coma ti.

Todos os anciáns son *tu* e ningún coma ti.

Todas as nais son eu e todas, coma min, saben que es único.



ARQUIVO FAMILIAR

XELA ARIAS EN BARREIROS, SARRIA (LUGO).

# DÍA DAS LETRAS GALEGAS



17 DE MAIO 2021



XELA ARIAS CASTAÑO

# XELA ARIAS CASTAÑO

(1962-2003)



Xela Arias Castaño naceu o 4 de marzo de 1962 en Sarria (Lugo) onde seu pai era mestre de primaria. Era a primoxénita de Valentín e Amparo.

Foi inscrita co nome de María de los Ángeles, xa que daquela non se podían poñer nomes galegos. En 1984 consegue que lle recoñezan o dereito a chamarse Xela, tal como a coñecían todos.


Estudou infantil e primaria no Colexio Fingoi, de Lugo e no de Sárdoma-Moledo, en Vigo e os estudos de secundaria no IES Castelao, tamén de Vigo, cidade na que fora destinado seu pai.

Co conto *A fraga dos paxaros faladores e a fraga leopárdica* gañou o VI Concurso de contos Infantís de O Facho da Coruña.

Foi poeta, tradutora e profesora de Lingua castelá e Literatura en secundaria.



*As bruxas*, de Roald Dahl, foi traducida ao galego por Xela Arias e Lidia Iglesias.



*Poesía reunida (1982-2004)* recolle toda a obra poética de Xela Arias Castaño.

Como poeta publicou os libros *Denuncia do equilibrio*, *Tigres como cabalos*, *Intempériome* e *Darío a diario*, dedicado ao seu fillo. Foi tradutora ao galego de obras en portugués, italiano, inglés, castelán, francés... como *Contos ao Teléfono*, de Rodari; *As bruxas*, de Roald Dahl; *O Gato Gaiado...*, de Jorge Amado...

Faleceu na cidade de Vigo o 1º de novembro de 2003, aos 41 anos.

Polo seu traballo a prol do idioma galego a Real Academia dedícalle o Día das Letras de 2021.